

Rafael Rozas Vilar
Lalín, 1978

O primeiro e único oficio

Nunca imaxinou que acabaría traballando á beira do lugar onde naceu, na parroquia lalinense de Palio. Alí, no lugar dos Chaos, decidiu establecerse pola súa conta hai máis dunha década co obradoiro “Pedriñas”, alcume polo que é coñecido Rafael.

Tiña 16 anos cando foi co seu irmán traballar a unha empresa de cantería da contorna. O de canteiro foi o seu primeiro e único oficio. «Cheguei alí sen saber nada e pouco a pouco... A escola para min é o día a día».

Da súa autoría son os balaústres da fachada do Obradoiro. «Estou moi orgulloso desa encomenda. É algo que vai quedar ahí para sempre...», di.

Son os que saen no fondo de todas as lembranzas que levan os que chegan á meta final de Compostela. Os mesmos que foi contemplar xa un par de veces de visita na cidade.


E aínda fixo outras pezas que non están á vista: varias xambas e remates para as xanelas dunha das torres. As pedras viñeron das canteiras de Pedroso e da Gudiña.

Considérase máis artesán que artista. O oitenta por cento do seu traballo diario son encargos de particulares. Con pedra, cisel e maceta construímos o planeta. Ese é o lema que leva no xersei.









ON



2º PARTIR
EN
AUTO

pulsar



AUTO





A herdanza dos mestres. Detrás da restauración da catedral de Compostela

Traballo realizado por Miguel Souto Alonso

Este proxecto fotográfico realizouse ao abeiro do Fondo de proxectos culturais Xacobeo 21-22 da Xunta de Galicia

